



Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional
Rede de Conservatorios Profesionais de Música e Danza de Galicia

MD85PRO01

Programación de Saxofón

Centro: CMUS Xan Viaño de Ferrol

Curso: 2024 - 2025



Índice

Introdución	4
1.1 Xustificación teórica.....	4
1.2 Contextualización	5
2. Metodoloxía	5
2.1 Liñas metodolóxicas da programación didáctica	8
2.2 Organización do tempo e do espazo	11
3. Atención á diversidade	12
3.1 Nas actividades de clase	12
3.2 Ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo	12
4. Temas transversais	13
4.1 Educación en valores	13
4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)	13
5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas	14
5.1 Complementarias	14
5.2 Extraescolares.....	14
6. Secuenciación dos cursos	15
6.1 Curso 1º de Grao Elemental	15
6.2 Curso 2º de Grao Elemental.....	29
6.3 Curso 3º de Grao Elemental.....	44
6.4 Curso 4º de Grao Elemental.....	60
6.5 Curso 1º de Grao Profesional.....	75
6.6 Curso 2º de Grao Profesional.....	91
6.7 Curso 3º de Grao Profesional.....	107
6.8 Curso 4º de Grao Profesional.....	124
6.9 Curso 5º de Grao Profesional.....	141
6.10 Curso 6º de Grao Profesional.....	159
7. Ferramentas de avaliación e seguimento da programación didáctica	178
8. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento	178
9. ANEXOS	179
9.1 Proba de acceso a 1º de grao profesional.....	179
9.2 Probas de acceso a outros cursos	186
9.3 Materia optativa. Saxofón como 2º instrumento.	218



9.4 Criterios para a obtención dos premios fin de grao 219

Introdución

1.1 Xustificación teórica

“Programar. 1. Facer o programa de algo 2. Fixar de antemán un plano determinado; planear, proxectar” deste xeito define a palabra “programación” o Dicionario Xerais da Lingua.

A programación didáctica é unha ferramenta clave para planificar e organizar eficazmente o traballo na aula, sendo un vehículo imprescindible para mellorar a calidade da ensinanza que se imparte. Esta debe ser útil no funcionamento diario das clases e axustarse á realidade das mesmas, acordo cos medios previstos, espazos, tempos e recursos. “Entendemos pois, que a programación é un xeito de anticiparse a unha realidade futura, marcando unhas liñas de actuación que permitan levar a bo termino unhas ideas previas. Para que isto non consista nun arte adiviñatorio, senón nun feito racional, é imprescindible unha contextualización que nos aporte información sobre o entorno, tamén unha traxectoria que queremos tomar cuns obxectivos en mente, uns contidos que plasmen estes obxectivos, uns modos de actuación que chamaremos “metodoloxía” e un análise do sucedido que nos indique si vamos por un bo camiño ou se por contra son necesarias algunhas modificacións.

A presente programación será o documento que recolla as principais liñas de actuación que rexen o proceso educativo da especialidade instrumental de saxofón no Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño de Ferrol.

1.2 Contextualización

O Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño atópase emprazado na cidade de Ferrol e máis concretamente nun barrio próximo ao casco urbán denominado Caranza. Ferrol é dende principios do século XX unha cidade principalmente industrial, debido á construción de grandes asteleiros, e militar, cunha importante base naval.

Ferrolterra goza dunha gran tradición musical. Existe unha longa historia de bandas militares que chegaron a funcionar simultaneamente; rondallas e coros integradas polos traballadores dos asteleiros. Actualmente moitas destas formacións continúan compartindo protagonismo con outras máis recentes como a Banda Municipal de música.

O centro da cabida a alumnos que proveñen na súa maioría das denominadas Rías Altas da provincia da Coruña (Cedeira, Valdoviño, Ortigueira,...), da propia cidade así como de concellos veciños (Narón, Fene,...). O seu interese céntrase segundo os casos na ocupación do tempo de ocio dos seus fillos e na paralela formación e crecemento cultural que experimentan ao conciliar os estudos coa ensinanza obrigatoria.

2. Metodoloxía

Os principios metodolóxicos terán como base aqueles que se estableceron dacordo co principio de globalización e interdisciplinariedade. Para planificar e desenvolver este curso terase en conta o nivel de coñecementos previos do alumno. No sistema actual a metodoloxía está baseada na teoría cognitiva chamada constructivismo. Segundo esta teoría, os alumnos son os protagonistas da súa propia aprendizaxe, experimentando e descubrindo por eles mesmos, actuando o profesor como guía orientador.

Esta metodoloxía destaca pola especial atención ó concepto de ensinanza-aprendizaxe, facendo referencia á selección que fai o profesor dunha determinada metodoloxía nun momento concreto. Dentro dos diferentes tipos de estratexias, e segundo as

pretensións do profesor, destacan: a investigación, solución de problemas, traballo de campo, figuración de situacións, etc.

A metodoloxía a aplicar será:

- Activa: na que o alumno é o protagonista da súa propia aprendizaxe, observando e experimentando por si mesmo.
- Individualizada: adaptárase a cada alumno en particular, ós seus intereses e necesidades. Hai que ter presente que cada alumno ten un ritmo de aprendizaxe diferente e unhas capacidades particulares co fan distinto a tódolos demais. Debe concederse á programación, por tanto, unha marxe de flexibilidade para adaptarse a cada caso co obxecto de sacarlle o máximo aproveitamento. Neste sentido, orientaríanse as propostas didácticas encamiñadas a atender a diversidade.
- Participativa: o alumno participa activamente no proceso de ensinanza-aprendizaxe, construíndo os seus propios coñecementos.
- Integradora: relaciona tódolos coñecementos nunha mesma dirección; o desenvolvemento musical do alumno.
- Motivadora: capta o interese do alumno e anímao a aprender.
- Flexible: adáptase á diversidade de ritmos de aprendizaxe dos alumnos.

Actividades a desenvolver nas clases

Realización co instrumento de exercicios técnicos e interpretación de obras e estudos.

Explicacións e exemplos a cargo do profesor, que estarán orientadas dunha parte a ofrecer os contidos teóricos de relevancia en función das actividades realizadas dentro de cada unidade didáctica e de outra a corrixi-la execución, tanto en función dos aspectos tipo técnico coma interpretativo-expresivo e disciplinar.

Outras actividades de tipo complementario, como a lectura á primeira vista ou a improvisación, ou outras de tipo interdisciplinar como a lectura de textos, recollida de información, audición de gravacións, etc.

Planificación do traballo do alumno na casa. O profesor deberá orientar ó alumno para o estudo que deberá realizar durante a semana. É convinte que este estudo comece de forma guiada nas clases, aclarando situacións novas, propoñendo dicitacións, solucións técnicas e interpretativas, etc. O traballo das obras debe ser abordado dende unha perspectiva múltiple:

- Análises técnico: por un lado a solución de problemas de tipo técnico na interpretación; calidade do son, precisión, dicitación, articulación, ritmo, etc. Por outro lado, as condicións físicas concretas coma a coordinación da respiración, o reforzamento dos músculos faciais, etc. Finalmente, a solución de problemas mentais coma a concentración, a memoria, a relaxación, etc.
- Análises textual: tanto de tipo formal (motivos, frases), rítmico, melódico, así coma das indicacións complementarias.
- Análises interpretativo: entendido dende o punto de vista da recreación da intencionalidade musical estética da época, a definición do propio criterio interpretativo ou o incremento da capacidade comunicativa.

A Clase Colectiva

A actividade en grupo implica cambios metodolóxicos no desenvolvemento da clase. Non se trata de impartir clases por quendas; hai que ter presente ca clase colectiva supón a posta en marcha dunha grande cantidade de principios metodolóxicos e estratexias de aprendizaxe diversas, de maneira cos alumnos aproveiten tanto as ensinanzas do profesorado coma as que o ambiente de traballo en común lles proporciona. Neste sentido convén resaltar que a clase colectiva, no caso de ser impartida, resulta moi apropiada no grao elemental, xa que tanto a idade do alumnado coma os seus coñecementos sobre a práctica instrumental son ideais para esta formulación.

A clase colectiva favorece o desenvolvemento do sentido social, a reafirmación da personalidade, o desenvolvemento psicomotor, o desenvolvemento da percepción auditiva, a creación e práctica dun repertorio variado, o desenvolvemento da memoria, a función pedagóxica, a concepción estética e o desenvolvemento da capacidade de atención na práctica instrumental.

Desenvolvemento das clases colectivas (sempre que se ofrezca esta opción):

Na clase colectiva traballaránse distintas formacións: dúos, tríos, cuartetos, etc. Realízase lectura á vista de fragmentos sinxelos así coma exercicios rítmicos, de afinación e de pulso, exercicios para o desenvolvemento técnico ou recoñecemento mediante audicións de distintos estilos musicais, exercicios de improvisación, etc.

2.1 Liñas metodolóxicas da programación didáctica

Partir dos coñecementos previos

A ensinanza ten que partir da realidade dos alumnos, dos seus coñecementos previos e desenvolvemento evolutivo, segundo as etapas de maduración mental na que se encontran. Disto depende que non existan disfuncións nos procesos de ensinanza-aprendizaxe. Non é o profesor, ca súa propia metodoloxía, se non o alumno o que se sitúa no centro do programa educativo. É en función das súas necesidades e capacidades que se organiza todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Favorecer a motivación do alumno

O reforzo da motivación considérase fundamental para obter o máximo nivel de implicación do alumno na súa aprendizaxe. A motivación é capaz de explicar cara onde diriximos as nosas accións e a enerxía ca que nos empregamos na realización dunha

actividade. Desexar facer algo fai posible a súa aprendizaxe. Ó mesmo tempo, si logramos ca súa aprendizaxe resulte pracenteira, tamén redundará na súa eficacia.

Aínda que moitos dos factores que afectan ó grado de motivación dos alumnos son alleos á nosa capacidade de influencia, existen outros de tipo intrínseco sobre os que sí podemos intervir. Algúns dos factores que teremos en conta na clase de saxofón para desenvolver a motivación do alumno son:

- Establecer metas que se corresponden cas capacidades reais do alumno, aínda que con suficiente grao de novidade e dificultade como para estimular a curiosidade.
- As explicacións transmitirán con claridade o que queremos obter.
- Estimular o reto da superación persoal, orientando a motivación cara a factores internos (orientada ó logro dun fin musical) antes que externos (premios, prestixio, éxito, etc...).
- Desenvolver o pracer da súa propia escoita durante a interpretación instrumental.
- Ofrecer con frecuencia información acerca do que o alumno realiza, utilizando reforzos positivos ou puntos a mellorar en función de cada situación.
- Tocar diante do alumno, ofrecendo exemplos e modelos do que se pretende obter.
- Axudar ó alumno a desenvolver imaxes estéticas co guíen na interpretación.
- Fomentar a participación nas clases colectivas e grupos que se formen dentro da aula de saxofón do conservatorio.
- Desenvolver actitudes positivas ante a actuación en público.

Estimular a creatividade

Unha actitude creativa trata de encontrar solucións concretas e eficaces a cada situación sen ter que acudir necesariamente a fórmulas recibidas e memorizadas.

É certo que hai alumnos máis predispostos que outros para a creatividade, aínda que na nosa labor pedagóxica tamén podemos provocar situacións e seguir estratexias ca estimulen. É necesario utilizar a imaxinación interiorizando o fenómeno sonoro e conectándoo con outras experiencias de tipo sensorial. Un medio eficaz e pedir ós alumnos que xeren e discutan metáforas, intentando trasladalas á interpretación saxofonística e interrogalos acerca de como cre el que afecta este pensamento creativo sobre a súa propia interpretación no saxofón.

Desenvolvemento do oído musical a través da interpretación saxofonística

O adestramento do oído no estudante de saxofón durante a execución, non pode limitarse á corrección de notas falsas, se non a procurar unha medida correcta e respectar as indicacións complementarias da partitura. A atención dirixírase, por tanto, á calidade do son, a dixitación, a rítmica, afinación, etc...coma a calquera elemento que se refira á calidade da emisión sonora, á organización do fraseo e, en definitiva, á conexión da expresión musical ca realización técnica. Dende este momento hai que desenvolver unha escoita observadora e crítica, apoiada na responsabilidade, no esforzo e afán de obter o máximo de se mesmo coma condicións fundamentais para o progreso na aprendizaxe.

Conectar os elementos da técnica ca expresión

Na interpretación non é posible separar os procedementos técnicos das intervencións expresivas. A atención diferenciada a estes problemas só pode entenderse si se fai con fins de análises ou pola necesidade dun adestramento específico dalgún dos seus aspectos. Non obstante, é necesario integrar ambos extremos, transformando as simples accións mecánicas en movementos significativos en relación ó fin musical que se pretende conseguir. Deste modo, conseguirase unificar intencións e procedementos nunha unidade de acción que pode ser asumida coma propia polo alumno.

Estratexias metodolóxicas

No deseño das estratexias didácticas non é posible encontrar un modelo universal aplicable a tódolos profesores e tódalas realidades educativas. As fórmulas de orientación metodolóxica deben facerse tendo en conta a flexibilidade á hora de levalos á práctica. En realidade tódalas estratexias son compatibles entre si, e a súa aplicación dependerá das características especiais dos distintos contidos a tratar, das particularidades de cada alumno e de que sexan levadas a cabo nas clases individuais e colectivas.

2.2 Organización do tempo e do espazo

Estes aspectos veñen definidos polas características físicas do edificio, e polos horarios da ensinanza obrigatoria. A xefatura de estudos elaborará o reparto de aulas e espazos do centro conforme crea convinte.

O alumno recibirá unha clase individual de 60 minutos semanais.

Para o desenvolvemento normal das clases individuais e colectivas é necesario dispoñer dunha aula debidamente equipada e acondicionada.

No caso das actividades extraescolares, culturais e de promoción das ensinanzas, pode ser necesario o uso doutros espazos do centro, como a biblioteca, aula de tecnoloxía, auditorio, etc, sendo necesario coordinar con antelación os horarios de utilización destes espazos.

3. Atención á diversidade

3.1 Nas actividades de clase

A ensinanza do saxofón require dunha constante adaptación por parte do profesor ás condicións específicas de cada alumno co fin de dar unha resposta educativa máis axeitada ás súas necesidades. Para atender a esta diversidade realizaremos unha avaliación inicial centrándonos en tres criterios:

- En función do seu nivel musical
- En función da súa actitude e interese para os estudos musicais
- En función do grao de adaptación segundo as súas condicións físicas.

3.2 Ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

Ante un caso con necesidades educativas especiais podemos recorrer a diferentes medidas e respostas para atender a diversidade que ocasione. En primeiro lugar debemos ter claro que os centros escolares deben permitir a integración funcional, social e física do alumno. As medidas poden necesitar unha dotación de recursos extraordinarios que se clasifican en medios persoais (profesores de apoio, tradutores, especialistas...), medidas ambientais e materiais e medios de acceso físico. Ademais pode existir a necesidade dunha adecuación curricular. Esta pode basearse nunha medida de reforzo educativo que pode ter cabida no conservatorio, ben interno ou externo ao centro ou nunha atención curricular individualizada (ACI), que só se realizará cando se poida prever que o problema é transitorio e que o alumno alcanzará un desenvolvemento normal nun tempo estimado, xa que non se permite rebaixar o nivel dos obxectivos de cada curso.

No caso de contar con alumnado con TDAH (alumnado con déficit de atención e / ou hiperactividade) e / ou alumnado con TEA (alumnado con trastorno do espectro autista), acudiremos ao protocolo de actuación deseñado polo Centro para ditos casos.

4. Temas transversais

4.1 Educación en valores

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os alumnos adquiran coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música dende un punto de vista estético e artístico.

4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s)

O emprego das tecnoloxías actuais pasou a ser imprescindible nas nosas vidas, englobando neste eido á formación musical. O centro está equipado con conexión wifi permanente en tódalas plantas así coma varias computadoras para o uso do profesorado.

Ó dispoñer desta ferramenta de conexión á rede en calquera aula, o profesorado conta cunha importante fonte de información insitu que aporta coñecementos sobre a materia ou calquera tema relacionado que poida servir para enriquecer as clases.

Por último, a biblioteca- fonoteca- videoteca (que se pode consultar a través da rede) do centro convértese no lugar máis adecuado para a obtención de información.

A administración educativa garantirá o dereito á educación e a súa equidade. A tal fin disporá os medios informáticos necesarios para o seguimento do ensino virtual por parte do alumnado co precise.

5. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

5.1 Complementarias

Así cabe considerar as audicións públicas, asistencia a concertos, proxeccións, conferencias, cursos, audicións de aula ou outras actividades análogas realizadas no centro en horario lectivo.

5.2 Extraescolares

Actuacións e concertos fóra do horario e espazo lectivo, visitas, viaxes de estudo, cursos ou outras actividades análogas.



6. Secuenciación dos cursos

6.1 Curso 1º de Grao Elemental

6.1.1 Obxectivos

- Adquirir un coñecemento histórico dos feitos máis directamente relacionados co saxofón: inventor, intérpretes
- Identificar o saxofón como instrumento de vento-madeira. Coñecer as súas partes e adoptar unhas medidas de uso e hixiene axeitadas.
- Colocar correctamente o corpo e o instrumento.
- Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura.
- Controlar e fortalecer os músculos que forman a embocadura.
- Coñecer as dixitacións elementais; traballo do mecanismo.
- Estudar a extensión tradicional do saxofón.
- Practicar a afinación.
- Articular distintos fragmentos en legato, picado e combinacións simples.
- Desenvolver o sentido rítmico, o oído, análises, a audición, a memoria, a improvisación e a creatividade.
- Relacionar os coñecementos adquiridos de lectura e escritura musical coa práctica do instrumento na resolución de dificultades.
- Ler á primeira vista con fluidez e comprensión.
- Traballar en grupo (de ser posible) e adquirir a capacidade de tocar e escoitar ós demais para acadar un perfecto axuste, dinámica e afinación.



- Adquirir uns hábitos de traballo colectivo: silencio, respecto, concentración, puntualidade. ...
- Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir técnicas de estudo que permitan a autonomía no traballo e a valoración do mesmo.
- Introducirse no hábito de escoitar música de diferentes estilos do propio instrumento e diferentes formacións musicais.
- Interpretar un repertorio básico integrado por pezas dunha dificultade acorde a este nivel.
- Tocar en público.

6.1.2 Contidos

- AdolpheSax: perfil biográfico. A familia dos saxofóns.
- Coñecemento do instrumento (montaxe, conservación e medidas de hixiene). Utensilios necesarios: pano, escobilleiro, etc.
- Colocación correcta da embocadura, das mans e do corpo de pé e sentado.
- Funcionamento do aparato respiratorio e a función que ten o mesmo á hora de tocar o saxofón. Ensinanza dos mecanismos de inspiración e expiración do aire. Exercicios de técnica respiratoria con e sen instrumento.
- Embocadura: definición e correcta colocación: función dos dentes superiores, dos beizos e da lingua.
- Emisión dun son estable sobre a extensión tradicional do instrumento.
- Educación do oído: concepto de afinación e práctica desta ao unísono e á oitava.
- Práctica das articulacións: ligado e picado.



- Práctica de memoria e con metrónomo das escalas diatónicas maiores e menores cos seus correspondentes arpexios ata dúas alteracións $\downarrow = 80$
- Adestramento permanente e progresivo da memoria.
- Práctica de conxunto (se fose posible) co fin de desenvolver a afinación, axuste e precisión rítmica.
- Selección progresiva canto ao grao de dificultade de exercicios, estudos e obras do repertorio que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumnado.
- Participación en audicións.

6.1.3 Avaliación

Durante a primeira clase, realizaremos unha **avaliación inicial** que nos permitirá coñecer mellor ao alumnado e adaptar a metodoloxía ás súas necesidades específicas. Este proceso inclúe varias actividades. En primeiro lugar, faremos unha presentación e conversa inicial onde daremos a benvida e presentarémonos mutuamente. Conversaremos sobre os motivos que levaron ao alumno a elixir o saxofón e as súas expectativas, así como sobre a súa experiencia previa coa música, se escoita música regularmente ou se participou en algunha actividade musical.

A continuación, realizaremos exercicios de respiración e coordinación. Introduciremos ao alumno á respiración diafragmática mediante exercicios sinxelos.

Observaremos a motivación e actitude do alumnado durante a clase, prestando atención á súa capacidade de concentración, interese e motivación para aprender. Finalmente, proporcionaremos unha proposta de metodoloxía, orientando ao alumnado sobre a adquisición do instrumento e o material necesario para as clases.

Esta primeira clase servirá como base para deseñar un plan de aprendizaxe personalizado, tendo en conta o nivel de coñecemento musical do alumnado, a súa actitude cara aos estudos musicais e as súas capacidades físicas e de coordinación.

Valoraremos a necesidade ou conveniencia de realizar cada avaliación unha audición na aula, a cal servirá ó profesor para avaliar o traballo realizado e ó alumnado para autoavaliarse (avaliación formativa).

O final do proceso concretarase na avaliación sumativa e integral (avaliación sumativa) onde se valorará cuantitativamente o resultado do progreso e o traballo do alumnado en todas as áreas con respecto ao grado de consecución dos obxectivos xerais.

Para todo o alumnado que non superase os obxectivos do curso, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE) incorpora a convocatoria extraordinaria de xuño, onde o profesor avaliará, mediante unha proba práctica, se os obxectivos do curso foron, ó fin, acadados.

Criterios de avaliación

- Obxectivos 1 e 2:
 - Coñecer a familia do saxofón e ao seu inventor.
 - Asimilar o concepto de saxofón como instrumento de vento.
 - Montar e desmontar o saxofón e adquirir unhas correctas medidas de hixiene.
- Obxectivo 3:
 - Mostrar unha axeitada posición corporal e colocación das mans.
- Obxectivo 4 e 5:
 - Utilizar a respiración diafragmática.
 - Usa axeitadamente a embocadura e desenvolver os músculos ca forman.



- Obxectivo 6, 7 e 8:
 - Adquirir unha mínima calidade sonora na extensión tradicional do saxofón.
 - Emitir un son estable sobre cada rexistro traballado.
 - Coordinar ámbalas dúas mans.
- Obxectivo 9, 10, 11 e 12:
 - Memorizar e interpretar textos musicais empregando a medida, a afinación, a articulación e o fraseo adecuados ao seu contido.
 - Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión.
- Obxectivos 13 e 14:
 - Valorar a capacidade do alumno para adaptar a afinación e precisión rítmica á dos outros músicos no seu traballo en común.
 - Demostrar un sentido de convivencia e colaboración entre compañeiros.
 - Mostrar unha actitude positiva de interese e predisposición pola asignatura e o traballo en conxunto.
- Obxectivo 14:
 - Adquirir uns hábitos de estudo correctos e eficaces.
- Obxectivo 15, 16, 17 e 18:
 - Interpretar en público como solista ou en grupo obras representativas do seu nivel, con seguridade e control da situación.
 - Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas.

Mínimos esixibles

- Montar e desmontar o instrumento correctamente, así coma adoptar unhas básicas medidas de hixiene. Utensilios necesarios: pano, escobilleiro, etc.



- Colocar correctamente as mans e mostrar unha correcta posición do corpo tanto de pé coma sentado.
- Asimilar unha boa embocadura; definición e correcta colocación, función dos dentes superiores, dos beizos e da lingua.
- Emitir un son estable e mínimamente afinado sobre a extensión tradicional do instrumento.
- Afinar ao unísono.
- Tocar correctamente de memoria e co metrónomo as escalas diatónicas maiores e menores cos seus arpexios ata dúas alteracións. Tocaranse ligado e picado.
- Traballar ata a lección 18 do método de Delangle/Bois.
- Tocar alomenos dúas pezas do repertorio saxofonístico.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Ferramentas de avaliación

- Observación sistemática e directa do alumnado.
- Verbalización (intercambio de impresións).
- Preparación de audicións (na aula e públicas).
- Seguimento do progreso individual en canto á técnica instrumental e musical.
- Autoavaliación do alumnado para fomentar a autonomía.
- Ensaio co pianista acompañante.

Instrumentos de avaliación

- Caderno do profesor.



- Verificación para aspectos técnicos específicos: postura, respiración, embocadura, etc.
- Tarefas e exercicios asignados semanalmente. Diario de práctica do alumno.
- Exercicios técnicos específicos (escalas, arpejos, articulacións...).
- Gravacións.
- Rúbricas detalladas.

Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

Aspectos técnicos. Constituirán un 30% da nota.

- Unha embocadura que permita tocar o repertorio escollido cunha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Resistencia muscular: embocadura e músculos respiratorios.
- Homoxeneidade sonora nos distintos rexistros.
- Control do aire mediante a respiración diafragmática.
- Correcta posición corporal. Relaxación.
- Elección axeitada das canas.
- Corrección na colocación das mans.
- Estudo das escalas: dominio dos distintos ritmos e articulacións, flexibilidade nos saltos, fluidez e coordinación dos dedos, uso correcto de distintos “doigtes”, emprego das distintas dinámicas e control da velocidade co metrónomo.



- Afinación. Comprensión do seu funcionamento. Corrección con e sin dicitacións especiais.

Métodos e estudos. Constituirán un 30% da nota:

- Sostemento do pulso.
- Corrección na lectura.
- Respecto aos termos de expresión.
- Corrección na afinación. Preparación previa das correccións necesarias e automatización das mesmas.
- Precisión na articulación.
- Respecto das diferentes dinámicas.
- Claridade e limpeza das pasaxes.
- Coherencia no fraseo.
- Adecuación aos tempos indicados.
- Uso do vibrato como elemento expresivo nos exercicios de estilo.
- Corrección na interpretación das notas de adorno.
- Emprego das posibilidades sonoras e dinámicas do instrumento.
- Dificultade do estudo
- Memorización do texto sen erros.
- Concentración.
- Interpretación de principio a fin sen interrupcións.

Obras. Constituirán un 30% da nota:



- Sostemento do pulso.
- Corrección na lectura.
- Respecto aos termos de expresión.
- Expresividade na interpretación.
- Sensibilidade musical e estética.
- Corrección na afinación.
- Coordinación co instrumento acompañante nas obras co precisen.
- Precisión na articulación.
- Respecto das diferentes dinámicas.
- Claridade e limpeza das pasaxes.
- Coherencia no fraseo.
- Respecto do estilo musical a interpretar.
- Adecuación aos tempos indicados na partitura.
- Uso do vibrato como elemento expresivo.
- Corrección na interpretación das notas de adorno.
- Emprego de diferentes timbres e cores.
- Emprego das posibilidades sonoras e dinámicas do instrumento.
- Valoración do silencio como un elemento indispensable para a concentración, a audición interna e o pensamento musical.
- Dificultade da obra.
- Memorización do texto sen erros.
- Comprensión da partitura.
- Seguridade e control da situación (en caso das audicións).



- Concentración.
- Liberdade na interpretación. Independencia da partitura.
- Interpretación de principio a fin sen interrupcións.

Interese fronte á materia. Constituirán un 10% da nota:

- A adicación dun tempo mínimo semanal (en relación ao curso) de traballo individual que permita manter e incrementar as capacidades físicas inherentes á práctica instrumental.
- O cumprimento semanal do traballo proposto. Preparación da clase de saxofón.
- A consecución dun balance positivo respecto ao tempo empregado en relación ao resultado obtido entendendo a autonomía no estudo como una capacidade indispensable na resolución de problemas e / ou dificultades.
- Unha boa predisposición hacia a materia e hacia o traballo en conxunto.

Calibración e Homoxeneización

A calibración das cualificacións entre os profesores que imparten a mesma materia realizarase na 1ª avaliación e estará asegurada polas seguintes medidas:

- Un respecto ó cumprimento da propia programación
- De darse o caso, as clases colectivas organizaranse independentemente de quen sexa o profesor. Deste xeito, un profesor impartirá esta clase aos alumnos do outro profesor-titor
- Audicións da especialidade de saxofón nas que participan os alumnos dos dous profesores da materia

- Entrevistas entre os dous profesores da especialidade para avaliar o rendemento dos seus respectivos alumnos.

Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

É competencia do consello escolar de cada centro autorizarlle con carácter excepcional a ampliación de matrícula ao curso seguinte ao alumnado que, logo da orientación do profesorado, así o solicite, sempre que o informe da totalidade do profesorado do alumno ou da alumna xustifique, conforme criterios obxectivos, a súa adecuada capacidade de aprendizaxe do curso actual e daquel ao cal aspire a acceder. Para valorar esta capacidade, poderase realizar unha proba que permita demostrar os coñecementos do alumno ou alumna.

Esta proba terá as mesmas partes, estrutura, contidos e criterios de avaliación que a proba ordinaria. É recomendable realizala na primeira avaliación.

6.1.4 Medidas de recuperación

As medidas de recuperación están pensadas fundamentalmente para aqueles alumnos que presenten un ritmo máis lento de aprendizaxe. Neste caso pódense aplicar as seguintes pautas:

- Reforzo das explicacións dos conceptos fundamentais e de técnicas de traballo persoal.
- Identificación dos contidos e habilidades que necesita mellorar a través de avaliacións previas e observacións durante as clases.
- Exercicios técnicos enfocados nas áreas de maior dificultade.
- Repertorio adicional adaptado ao nivel do alumno para practicar e mellorar os aspectos pendentes.

Procedementos de recuperación ordinarios

- Avaliar o nivel de coñecemento do alumnado e identificar as súas áreas de dificultade.
- Diseñar as medidas de recuperación, os recursos necesarios e a planificación do traballo.
- Monitorizar regularmente o progreso do alumno para verificar a eficacia das medidas.
- Axustar as medidas de recuperación segundo sexa necesario.

Proba ordinaria

Cando a avaliación continua non pode levarse a cabo, será necesaria a realización dunha proba ordinaria para avaliar ao alumno. Esta proba estrutúrase en tres partes:

1. **Parte A: Interpretación de escalas e/ou arpexos**

- O alumno deberá interpretar algunhas escalas e/ou arpexos seleccionados polo profesorado.
- A interpretación deberá realizarse á velocidade e coas características indicadas nos mínimos esixibles de cada curso.

2. **Parte B: Interpretación de exercicios**

- O alumno deberá interpretar algúns dos exercicios indicados para o curso, elixidos polo profesorado.
- Estes exercicios corresponden aos mínimos esixibles.

3. **Parte C: Interpretación de obras programadas**

- O alumno deberá interpretar individualmente todas ou parte das obras programadas para o curso.
- Tamén poden ser solicitados fragmentos das obras, a elección do profesorado.
- Non será necesario acompañamento pianístico para esta proba.

Criterios de Cualificación:

A cualificación da proba ordinaria dividirase en dous grandes bloques, cada un representando o 50% da nota total:

1. Dominio técnico do instrumento:

- Dominio da técnica de base: posición corporal, respiración, embocadura, son e articulación.
- Dominio das escalas e arpexos.
- Dominio dos exercicios propostos.

2. Son, musicalidade e expresión:

- Calidade do son, afinación, flexibilidade e igualdade nos rexistros.
- Calidade na interpretación, dinámica, fraseo e expresividade.
- Dominio das obras propostas.

Para poder acadar unha cualificación positiva, o alumno deberá presentar para o exame todo o repertorio e exercicios indicados nos mínimos esixibles do curso correspondente. A non asistencia á proba será cualificada coa nota mínima (1).

Este procedemento asegura que os alumnos son avaliados de maneira xusta e equitativa, mesmo cando a avaliación continua non pode ser realizada debido a causas de asistencia.

Proba extraordinaria

No caso de que un alumno non supere a materia de saxofón no mes de xuño, está contemplada unha proba extraordinaria no mesmo mes na que deberá amosar que alcanzou os obxectivos mínimos do curso. O contido da proba estará reflectido no informe de avaliación negativa que se lle proporcionará ó alumno no mes de xuño.

A proba consistirá en dúas partes:

1. **Parte técnica:** Inclúe a interpretación das escalas e estudos do curso.
2. **Parte musical:** Inclúe a interpretación das obras propostas para o curso, avaliando a musicalidade e a expresividade.

A proba será personalizada para cada alumno, adaptándose ás habilidades concretas que precise demostrar para amosar que alcanzou os mínimos esixibles. Para determinar a nota final, aplicaranse os criterios de cualificación do curso, onde escalas, estudos e obras representarán cada unha un terzo da cualificación total.

6.1.5 Recursos didácticos

- Métodos:

- | | | |
|-------------------------------|--------------------|-------------|
| ○ Méthode de Saxophone | Delangle/Bois | H. Lemoine |
| ○ Méthode de saxophone vol. 2 | Delangle-Bois. | H. Lemoine |
| ○ El saxofón y yo | De la Rosa/Librado | Mundimúsica |
| ○ L'Alphabet du Saxophoniste | Hubert Prati | Billaudot |
| ○ El saxofón ameno (vol 1) | J. M. Londeix | H. Lemoine |

- L'École Française du Saxophone I R. Druet Gérard Billaudot

- Obras:

- Jouon sensemble V. 1 Delangle- Bois H. Lemoine
- La clase colectiva V. 1 Ibáñez- Cursá Rivera
- Bagatelle Marcel Perrin Combre
- Genevieve A. Ameller United Music
- Musique pour rever A. Roizenblatt Billaudot
- Coconotes Jerome Naulais Billaudot
- Premier Voyage V.V.A.A. Arr. C. Delangle Lemoine

NOTA: ademais dos métodos e obras aquí expostos, utilizaranse, atendendo ás necesidades de cada alumno, aqueles de parecida dificultade co profesor considere oportunos.



6.2 Curso 2º de Grao Elemental

6.2.1 Obxectivos

- Afianzar os coñecementos adquiridos no curso anterior.
- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con normalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas dúas mans.
- Conseguir unha sonoridade estable e clara sobre tódolos rexistros.
- Desenvolver o control sobre os matices f e p.
- Afianzar a práctica da respiración diafragmática.
- Controlar e fortalecer os músculos que forman a embocadura.
- Desenvolver a memoria e as capacidades auditivas e rítmicas que permitan interpretar estudos e obras co ritmo, articulación e fraseo axeitados.
- Practicar e desenvolver a afinación e desenvolver a sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade do son.
- Coñecer de forma moi básica o funcionamento das canas e así saber adaptalas para un mellor funcionamento.
- Traballar a autonomía no estudo e ser consciente da importancia do traballo individual, adquirindo a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.
- Ler á primeira vista con fluidez e comprensión.
- Traballar en grupo (de ser posible) e adquirir a capacidade de tocar e escoitar ós demais para acadar un perfecto axuste, dinámica e afinación.
- Adquirir uns hábitos de traballo colectivo: silencio, respecto, concentración, puntualidade ...



- Introducirse no hábito de escoitar música de diferentes estilos do propio instrumento e diferentes formacións musicais.
- Interpretar un repertorio básico integrado por obras dunha dificultade acorde a este nivel.
- Tocar en público.

6.2.2 Contidos

- Afianzamento dos coñecementos adquiridos durante o primeiro curso.
- Coñecemento dos mecanismos que interveñen na respiración diafragmática e fortalecemento da columna de aire: exercicios de respiración con e sin instrumento.
- Perfeccionamento da emisión do son sobre toda a extensión do saxofón e desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensable para a obtención dunha boa calidade do son.
- Estudo das dinámicas f , p , $<$.
- Practica de diferentes ritmos (puntillos, tresillos, síncopas...) e articulacións.
- Práctica de memoria e con metrónomo das escalas diatónicas maiores e menores con arpexios ata tres alteracións. Distintos ritmos e articulacións $\text{♩} = 120$
- Práctica da escala cromática, tomando como base diferentes sons e con distintos ritmos e articulacións $\text{♩} = 120$
- Memorización e interpretación de exercicios e fragmentos musicais.
- Adquisición de hábitos de estudo correctos é eficaces.
- Selección de estudos, obras e exercicios acordes ó nivel que se consideren útiles para o desenvolvemento conxunto da capacidade musical e técnica do alumno.

- Práctica de conxunto (se fose posible) de saxofóns co fin de desenvolver a afinación, axuste e precisión rítmica.
- Participación en audicións.

6.2.3 Avaliación

Para avaliar ao alumno partiremos dun diagnóstico inicial (avaliación inicial) que servirá como punto de referencia para a actuación pedagóxica. Nunha primeira clase (agás alumnos de 1º GE) o alumno tocará distintos exercicios técnicos, obras e estudos que teña preparados ou que xa houbese preparado no curso anterior para poder valorar o punto de partida inicial co que empezar a traballar. Posteriormente, en cada clase avaliarase ó alumno de forma personalizada posibilitando a súa progresiva adecuación ás dificultades e necesidades que xurdan respecto á planificación inicial.

Valoraremos a necesidade ou conveniencia de realizar cada avaliación unha audición na aula, a cal servirá ó profesor para avaliar o traballo realizado e ó alumno para autoavaliarse (avaliación formativa).

O final do proceso concretarase na avaliación sumativa e integral (avaliación sumativa) onde se valorará cuantitativamente o resultado do progreso e o traballo do alumno en todas as áreas con respecto ao grado de consecución dos obxectivos xerais.

Para todo o alumnado que non superase os obxectivos do curso, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE) incorpora a convocatoria extraordinaria de xuño, onde o profesor avaliará, mediante unha proba práctica, se os obxectivos do curso foron, ó fin, acadados.



Criterios de avaliación

- Obxectivo 1:
 - Consolidar os coñecementos adquiridos no primeiro curso.
- Obxectivo 2:
 - Mostrar unha axeitada posición corporal e colocación das mans.
- Obxectivo 3:
 - Adquirir unha mínima calidade sonora en todos os rexistros.
 - Emitir un son estable sobre cada rexistro traballado.
- Obxectivo 4:
 - Tocar nos matices f e p.
 - Realizar correctamente crescendos e diminuendos.
- Obxectivo 5 :
 - Utilizar a respiración diafragmática.
 - Controlar a columna de aire.
- Obxectivo 6 :
 - Mostrar unha progresión na flexibilidade e control da embocadura.
- Obxectivos 7 e 8:
 - Tocar de memoria ritmicamente e co fraseo e articulación axeitados.
 - Valorar a capacidade do alumno para adaptar a afinación e precisión rítmica á dos outros músicos e instrumentos.
- Obxectivo 9:



- Saber cando hai que arranxar unha cana que non funciona correctamente.
- Obxectivo 10:
 - Valorar a autonomía no estudo acadada polo alumno.
- Obxectivo 11:
 - Ler con fluidez á primeira vista
- Obxectivos 12, 13 e 14:
 - Mostrar unha actitude positiva de interese e predisposición pola materia e o traballo en conxunto.
 - Demostrar un sentido de convivencia e colaboración entre compañeiros.
 - Demostrar a capacidade de tocar a súa propia voz ao mesmo tempo que se acopla aos demais, comprobando a súa precisión rítmica e dinámica.
 - Apreciar a importancia de música como linguaxe artístico e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.
 - Describir logo dunha audición os trazos característicos das obras escoitadas.
- Obxectivos 15 e 16:
 - Interpretar en público como solista e de memoria obras representativas do seu nivel, con seguridade técnica e control da situación.

Mínimos esixibles

- Adoptar unha posición corporal que permita respirar con normalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ámbalas dúas mans.
- Colocar correctamente a embocadura.



- Tocar nas dinámicas *f* e *p*.
- Emitir un son estable na tesitura tradicional do instrumento.
- Tocar minimamente afinado.
- Tocar correctamente de memoria e co metrónomo as escalas diatónicas maiores e menores con arpexios ata tres alteracións.
- Tocar correctamente de memoria e co metrónomo a escala cromática, tomando como base diferentes sons e con distintos ritmos e articulacións.
- Tocar correctamente o 75% dos estudos propostos polo profesor.
- Tocar correctamente dúas obras adaptadas ó nivel do curso.
- Execución de memoria de estudos e obras.

Procedementos e ferramentas de avaliación

Ferramentas de avaliación

- Observación sistemática e directa do alumnado.
- Verbalización (intercambio de impresións).
- Preparación de audicións (na aula e públicas).
- Seguimento do progreso individual en canto á técnica instrumental e musical.
- Autoavaliación do alumnado para fomentar a autonomía.
- Ensaio co pianista acompañante.

Instrumentos de avaliación

- Caderno do profesor.



- Verificación para aspectos técnicos específicos: postura, respiración, embocadura, etc.
- Tarefas e exercicios asignados semanalmente. Diario de práctica do alumno.
- Exercicios técnicos específicos (escalas, arpejos, articulacións...).
- Gravacións.
- Rúbricas detalladas.

Criterios de cualificación

Os criterios de cualificación a seguir no presente curso serán os seguintes:

Aspectos técnicos. Constituirán un 30% da nota.

- Unha embocadura que permita tocar o repertorio escollido cunha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.
- Resistencia muscular: embocadura e músculos respiratorios.
- Homoxeneidade sonora nos distintos rexistros.
- Control do aire mediante a respiración diafragmática.
- Correcta posición corporal. Relaxación.
- Elección axeitada das canas.
- Corrección na colocación das mans.
- Estudo das escalas: dominio dos distintos ritmos e articulacións, flexibilidade nos saltos, fluidez e coordinación dos dedos, uso correcto de distintos “doigtes”, emprego das distintas dinámicas e control da velocidadeco metrónomo.



- Afinación. Comprensión do seu funcionamento. Corrección con e sin dicitacións especiais.

Métodos e estudos. Constituirán un 30% da nota:

- Sostemento do pulso.
- Corrección na lectura.
- Respecto aos termos de expresión.
- Corrección na afinación. Preparación previa das correccións necesarias e automatización das mesmas.
- Precisión na articulación.
- Respecto das diferentes dinámicas.
- Claridade e limpeza das pasaxes.
- Coherencia no fraseo.
- Adecuación aos tempos indicados.
